SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 30 / AGOSTO/ 2000

SUMARIO

1.- DECLARACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN PLENARIA

2.- MANIFESTACIÓN DE REPULSA POLO ATENTADO DE E.T.A. CON RESULTADO DE MORTE, D. MANUEL INDIANO AZAUSTRE, EDIL DO PP DO CONCELLO DE ZUMÁRRAGA.

Na Casa do Concello de Redondela, sendo as doce horas e seis minutos do día **trinta de agosto do ano dous mil,** baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, accidental, D. EMILIO GONZÁLEZ IGLESIAS, e a asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as: D. MANUEL JAVIER NÚÑEZ SALGADO, DONA. Mª DEL CARMEN RODRÍGUEZ CUNHA, D. ALEJANDRO BASTOS FERNÁNDEZ, D. MANUEL IGLESIAS CARRERA, D. CARLOS GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, D. MANUEL RAMÓN CONDE ROMERO, D. EMILIO SÁNCHEZ SANTORIO, Dª. AURORA ALONSO MONTEAGUDO, D. PABLO REBANAL FERNÁNDEZ, D. XOSÉ CARLOS PAZOS DOCAMPO, DONA. CECILIA PÉREZ ORGE, D. XOSÉ LUIS GRANDE GRANDE e DONA. ÁNXELES GONZÁLEZ GÓMEZ, actuando como Secretario o funcionario deste Concello, da escala técnica de Administración Xeral, D. BERNARDO SOTO LÓPEZ, que desempeña accidentalmente o cargo de Secretario do Concello, constitúese o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria e urxente, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

A Presidencia declara aberta a sesión en primeira convocatoria, procedéndose a trata-los puntos da Orde do Día.-

1.- DECLARACIÓN DE URXENCIA DA PRESENTE SESIÓN

Aberta a sesión pola Presidencia indícase que de conformidade co establecido nos artigos 46.2.b) da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 11/99 do 21 de abril, 210.2.b) da Lei 5/97 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia e 79 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, faise preciso o pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da convocatoria.

Apreciada ésta o Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as Sres/as asistentes acordou ratifica-la urxencia da convocatoria.

PEL NUMERADO ORPORACIÓNS LOCAIS

2.-MANIFESTACIÓN DE REPULSA POLO ATENTADO DE E.T.A. CON RESULTADO DE MORTE, D. MANUEL INDIANO AZAUSTRE, EDIL DO PP DO CONCELLO DE ZUMÁRRAGA.

Pola Presidencia proponse a este Concello Pleno que se adopte acordo de condena e respulsa polo atentado terrorista de E.T.A. acaecido en Zumárraga, con resultado de morte de D. MANUEL INDIANO AZAUSTRE, así como expresar a

condolencia desta Corporación ó Partido Popular, á Corporación de Zumárraga e especialmente ós familiares do falecido.

Este Concello Pleno, por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes acordou prestarlle a súa aprobación á proposta antes transcrita.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dase por rematada a presente sesión, sendo as doce horas e nove minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se extende a presente Acta, que se inscribiu no Libro dende a volta do folio catro do Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia, Serie A nº 1175912, ata o folio cinco Serie A nº 1175913, de todo o que, como Secretario, DOU FE.-

O ALCALDE, ACCTAL

O SECRETARIO, ACCTAL

Asdo: Emilio González Iglesias

Asdo: Bernardo Soto López